

PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL(POAP)



XUSTIFICACIÓN

Como colexio vicenciano definimos a nosa misión educativa orientada o desenvolvemento integral dos alumnos de acordo cunha concepción cristiá da persoa, a vida e o mundo. Cun compromiso pola xusticia e pola solidariedade universal, cunha participación activa na transformación e mellora da sociedade, potenciando o desenvolvemento armónico de tódalas dimensións do alumno para acadar o máximo das súas posibilidades, cunha educación personalizada que a través de procesos de tutoría e orientación lle dote de estratexias, recursos e mecanismos que lle axuden nos diferentes aspectos da vida, e especialmente no referido a súa formación persoal e profesional, a tomar decisións e a situarse no mundo como persoas a través do seu propio proxecto de vida.

OBXECTIVOS DO POAP

Organizar as actuacións e procedementos para dar resposta á necesidade de dotar os alumnos de estratexias que lles faciliten a toma de decisións na súa vida persoal e profesional, especialmente no relacionado con itinerarios formativos e a transición á vida laboral, definindo os criterios, organizacións, actuacións e responsables das mesmas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer, facilitar, desenvolver a autoorientación dos alumnos.
- Orientar ao alumnado no seu itinerario educativo, según as súas capacidades e intereses.
- Impulsar e mediar nos procesos de toma de decisións.
- Potenciar o desenvolvemento da madurez vocacional
- Coordinar co equipo docente, especialmente cos os titores, a acción tutorial naqueles aspectos necesarios para a formación do autoconcepto, a autoestima, e a madurez vocacional.
- Asesorar e informar as familias nos aspectos relativos ao proceso educativo e de toma de decisións.

Co alumnado

- Promover o autocoñecemento (intereses, capacidades e recursos) e o coñecemento das distintas opcións educativas e laborais de cara á toma de decisións na ESO e 2º Bach.
- Guiar o alumnado na elección das materias optativas e itinerarios
- No cuarto curso da ESO favorecer a continuidade do alumnado no sistema educativo e/ou orientalo cara á incorporación á vida laboral.
- Facilitar ao alumnado a transición dende a etapa de Ed. Primaria á ESO, e da Eso a Bacharelato.

Co profesorado

- Asesorar o profesorado no referente ás ensinanzas post obrigatorias, ensinanzas de réxime especial, educación para adultos, ...
- Apoiar o profesorado no labor tutorial. Colaborando especialmente no desenvolvemento do PAT (elaboración de documentos, material docente, programación de actividades, obradoiros ...).

Coas familias

- Fomentar o achegamento da vida escolar ás familias, fomentando a implicación e responsabilidade desinere no proceso educativo.

- Informar as familias sobre as ensinanzas post obrigatorias, ensinanzas de réxime especial, educación para adultos, ... Así como as diferentes opcións que sexan consideradas máis axeitadas para os seus fillos/ás.

FUNCIÓNS DA ORIENTADORA, PROFESORES DE CADA MATERIA E TITORES NO POAP

A orientadora:

- Contribuirá a desenvolver a orientación vocacional centrándose en facilitar e coordinar a elaboración e desenvolvemento do programa do POAP para achegar aos alumnos/ás a adquisición de técnicas e estratexias que lles permitan asumir responsablemente as posibles opcións académicas e profesionais.
- Facilitará materiais e asesoramento aos titores/ás.
- Información profesional, relativa a posibilidades de estudos universitarios ou profesionais, e posibilidades do mercado de traballo dentro do ámbito local e rexional.
- Formúlanse actividades e danse informacións contextualizadas para os alumnos/ás. Os apartados que abrangue o caderno son:
 - Iniciando o noso camiño: Importancia na elección de estudos futuros e elección non sexista de profesións.
 - Como son: Autorevisión, Descubro as miñas aptitudes, autorexistro das miñas aptitudes, Descubro os meus intereses profesionais, Meu rendemento escolar e Relación entre aptitudes e estudos.
 - Información: Bacharelato, Ciclos Formativos e outras alternativas.
 - A miña toma de decisión: A miña decisión, Vantaxes e inconvenientes de cada opción e Tomo unha decisión e xustifíco.

As actividades realizaranse na hora de tutoría repartidas ao longo do curso.

- Colaboración coa titora de 4º ESO e titores de Bach, nalgúns titorías ao longo tres trimestres.
- Vídeos de profesións pouco coñecidas e con bo futuro profesional.
- Participación dos diferentes centros da zona para vir a informar e/ou ir visitalos.
- Avaliación psicopedagóxica dos alumnos/ás en orde ao seu asesoramento vocacional. Ao longo do primeiro trimestre realizarase unha batería de probas psicopedagóxicas colectivas que valoren os seguintes aspectos: intelixencia, aptitudes, intereses profesionais. Os resultados axudarán na toma de decisión do Consello Orientador e comunicaranse de forma individual ao alumno/a e aos seus pais.
- Realización de entrevistas individuais con cada alumno/a e os seus pais para transmitir o Consello Orientador, que será resultado da reflexión do alumno/a e dos seus pais, vistas as súas motivacións, capacidades, aptitudes, e ao mesmo tempo as opcións do mundo laboral.

Profesores/ás de cada materia:

- Darán a oportunidade aos alumnos/ás de tomar contacto con coñecementos, destrezas, modos de facer e actitudes que contribúen a definir determinados ámbitos profesionais e, por conseguinte, a orientalos en tales ámbitos.
- Traballar en cada materia os contidos que contribúen a desenvolver a capacidade de tomar decisións.

- Favorecer que os alumnos/ás tomen contacto cos distintos ámbitos profesionais vinculando a escola co mundo do traballo e considerando este como obxecto de ensino e aprendizaxe.

Os titores/ás:

- Personalizarán o programa de orientación vocacional na individualidade de cada alumno/a e na conexión deste programa coa realidade escolar e persoal dos alumnos/ás; é polo tanto o que ensina aos alumnos/ás a valorar na súa xusta medida a adecuación dos seus intereses, motivacións, actitudes, rendemento e esforzo coas esixencias académicas e profesionais.
- Coordinar o equipo de profesores/ás que traballan co grupo para revisar a presenza nas programacións dos contidos relativos á importancia de tomar decisións.
- Colaborar co Dpto. de Orientación na posta en marcha do programa específico de orientación profesional.
- Asesorar os alumnos e alumnas con respecto ás opcións presentes no currículo.

BPROGRAMA DE ACTUACIÓNS

Co alumnado

Bloque I: Autocoñecemento

_Aplicación dun cuestionario de autocoñecemento, de aplicación grupal ou individual, que recolle información xeral sobre os alumnos (datos de saúde, familiares, técnicas de estudo, preferencias profesionais,...)

- Avaliación dos intereses académico-profesionais. Mediante a aplicación e autocorrección do PPM. Cuestionario de Preferencias Profesionais.e EXPLORA en 2º Bach.
- Diferentes actividades de tutoría propostas no PAT

Bloque II: Coñecemento do Sistema Educativo e toma de decisións

- Charla informativa ao alumnado de 6º EP sobre o acceso a 1º ESO. Trátase de introducir de forma axeitada ao alumno na etapa, tanto aos novos alumnos que veñen doutros centros, coma aos alumnos do propio centro, xa que a entrada en Secundaria supón un novo ámbito educativo (maior número de profesores, outro nivel de esixencias, etc.)
- Charla explicativa grupal sobre a organización do Sistema Educativo (todos os cursos da ESO).
- Entrevistas individuais de orientación co alumnado que cursará Formación Profesional Básica e que se presentará ás probas de acceso a FP de ciclo medio.
- Entrevistas individuais co alumnado de 4º ESO, 1º e 2º Bacharelato co obxecto de que os alumnos alcancen a preparación necesaria para realizar ao final desta etapa as opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses, e culminará no Consello Orientador para cada alumno
- Elaboración por parte do alumnado de 4º ESO dunha exposición oral sobre o sistema educativo (utilizando ao ser posible recursos TIC). Pendente da evolución da situación sanitaria.
- Elaboración de Guía de Orientación Académico - Profesional, que se lle enviará a cada un dos alumnos de 4º ESO/ 2º BACH no seu correo corporativo.

Bloque III: Proceso de Inserción Socio-Laboral

- Elaboración do Currículo vitae e carta de presentación (3º e 4º ESO) en colaboración co Departamento de Lingua Castelá.
- Información sobre os lugares onde acudir para buscar emprego, accións a ter en conta para esta búsqueda, revisión de ofertas de emprego, ...

- Visita a centro de Ensino Postobrigatorio (preferentemente de Formación Profesional) e/ou charlas realizadas por persoal externo ao centro.
- Visitas on –line a diferentes universidades do SUG.

Coas familias

- Entrevistas informativas individualizadas ou colectivas sobre o sistema educativo e as aptitudes, intereses e motivacións dos seus fillos/ás. Dirixidas ás familias de 2º 3º e 4º ESO e bacharelato e guiadas pola orientadoa do centro a demanda das familias ou titores.
- Ofrecerlles pautas acerca da conduta que espera deles na decisión que deben tomar os seus fillos, facéndoo ver que son os mozos os que han de tomar as súas propias decisións e facerlles comprender que a súa achega debe centrarse en apoiar as opcións dos fillos tomadas responsablemente.
- Entrevistas individualizadas coas familias de 4º ESO e 2º bacharelato fin de etapa e toma de decisións.

Co profesorado

- Elaboración de material e actividades de tutoría en colaboración co profesorado dos departamentos correspondentes.
- Recollida das demandas dos titores en relación ao futuro académico profesional do alumnado.
- Entrevistas individuais cos alumnos e pais a petición dous mesmos ou do titor dous distintos cursos de secundaria.

TEMPORALIZACIÓN

<u>PRIMEIRO TRIMESTRE:</u>	<u>SEGUNDO TRIMESTRE:</u>	<u>TERCEIRO TRIMESTRE:</u>
▪ Entrevistas individuais co alumnado de 1º ESO. ▪ Avaliación psicopedagóxica dos alumnos/ás de 2º e 4º ESO. ▪ Aplicación do cuestionario de autocoñecemento aos alumnos de 3º ESO ▪ Proba EXPLORA alumnos de 2º Bacharelato. ▪ Reunións cos titores e grupo de profesores implicados no POEV. ▪ Charlas de técnicos do SUG para os alumnos de 2º bacharelato. ▪ Coordinación cos titores de ESO para a elaboración do Consello Orientador ▪ Colaboración na elaboración de material para as tutoría ▪ Elaboración da Guía de Orientación Académico - Profesional. ▪ Entrevistas coas familias a petición destas ou do titor/a.	▪ Entrevistas individuais co alumnado de 4º ESO. Información individualizada orientada ás súas preferencias académico-profesionais. ▪ Entrevistas individuais co alumnado de 2º bacharelato. Información individualizada orientada ás súas preferencias académico-profesionais ▪ Avaliación dos intereses académico-profesionais do alumnado de 4º ESO (PPM) ▪ Charla colectiva e actividades de tutoría sobre o sistema educativo en 4º ESO. ▪ Actividades e charlas de orientación académico profesional co alumnado de 4º ESO ▪ Orientación ao alumnado que realizará a proba de acceso a ciclos medios de FP e organización dos reforzos	▪ Entrevistas individuais co alumnado de 2º e 3º ESO ▪ Charla colectiva e actividades de tutoría sobre o sistema educativo en 3º ESO. ▪ Entrevistas individuais de Orientación escolar- profesional dos alumnos de 3º E.S.O. ▪ Entrevistas alumnado e familias do alumnado en risco de rematar a ESO sen obter ou título de Graduado. ▪ Valoración do alumnado que se orientará a Formación profesional básica ▪ Exposición os alumnos de 2º e 3º de ESO das opción académicas e das optativas xunto os titores ▪ Exposición oral do alumnado de 4º ESO sobre o sistema educativo os alumnos de 3ºESO ▪ Entrega do Consello orientador en tódolos cursos da ESO.

	necesarios para a súa preparación. ▪ Colaboración na elaboración de actividades para a tutoría. ▪ Entrevistas individuais de Orientación escolar- profesional coas familias dos alumnos de 4º E.S.O e 2º Bacharelato. ▪ Entrevistas coas familias a petición destas ou do titor/a	▪ Charla informativa sobre a ESO ao alumnado de 6º EP ▪ Colaboración na elaboración de actividades para a tutoría. ▪ Entrevistas coas familias a petición destas ou do titor/a
--	---	--

METODOLOXIA

Distínguense dous tipos de actuacións:

- Actuacións sobre o grupo de alumnos/ás en aspectos xerais do POAP.
- Actuacións cos alumnos/ás individualmente, a partir das súas aptitudes, motivacións e expectativas.

As actividades grupais serán levadas a cabo a través do PAT da ESO, preferentemente, na hora de tutoría. As actividades individuais coordinánsense con diferente profesorado. Ademais o alumnado poderá manter unha entrevista co orientador/a, cando o demande, sempre que non interfira coas clases.

Empregaranse aquelas probas psicopedagóxicas e cuestionarios que sexan adecuados, primando os que acheguen información directa ao alumno/a (por exemplo os autocorrixibles).

Tamen utilizaranse:

- Información impresa en distintos soportes sobre o sistema educativo.
- Información impresa sobre os itinerarios educativos.
- Información sobre o mundo laboral, curriculum vitae.
- Material exposto nos taboleiros das aulas e corredores.
- Material audiovisual sobre carreiras universitarias, ciclos formativos, entrevistas de traballo...

Intentarase implicar o alumnado o máximo posible na búsqueda de información e na súa sistematización.

Con respecto ao profesorado, actuarase coordinadamente, achegando información, materiais e actividades. Así mesmo na atención ás familias o profesorado remitirá ao DO todos aqueles casos que considere necesario.

POEV 1. ELABORACIÓN PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E VOCACIONAL.

